



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 7

ABRIL 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

PARÍS

Corinna Niemeyer, directora

Xabier Casal, saxofón



PROGRAMA

I

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Sinfonía núm. 31 en Re maior, KV. 297 (300a) “París”

Allegro assai

Andantino

Allegro

PAULE MAURICE (1910-1967)

Tableaux de Provence para saxo alto e orquestra

Farandoulo di chatouno

Cansoun per ma Mio

La Boumiano

Dis Alyscamps, l'amo souspire

Lou Cabridan

Xabier Casal, Saxofón

II

JACQUES IBERT (1890-1962)

Suite Sinfónica

Restaurant au Bois de Boulogne

FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Sinfonía nº 86 en Re maior “París”

Vivace assai

Allegretto

Menuetto

Vivace

Duración aproximada do concerto: 65 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Paçalín Pavaci, concertino
convidado

Adriana Winkler, axuda de
concertino

Ildikó Oltai

Michal Ryczel

Ilya Fisher

Anna Alexandrova

Yulia Petrushevskaya

Claudio Guridi

Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II

Nikolay Velikov *

Enrique Roca **

Gyula Vadaszi

Kiyoko Ohashi

Helena Sengelow

Irina Gruia

Samira Ajkic

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madisson **

Ionela Ciobotaru

Iriana Fernández

Ángela Neto (R)

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Carlos García

Thomas Piel

Millán Abeledo

Alexandre Llano (R)

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Raquel Miguélez (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luís Soto **

ÓBOES

Esther Viúdez *

Roger Solé (R)

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

SAXO

Rocío Hermida (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Jordi Ortega *

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

TROMBÓN

Arturo Centelles (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Isabel Diego (R)

Marta Prado (R)

Roberto Bao (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

PIANO/CELESTA

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Corinna Niemeyer

Directora

Corinna Niemeyer é Directora Artística e Musical da Orquestra de Cámara de Luxemburgo. Este nomeamento produciuse tras un período de dous anos como directora asistente da Orquestra Filharmónica de Rotterdam nas tempadas 18/19 e 19/20.

O entusiasmo de Corinna por transmitir a música de forma innovadora, combinado cun enfoque fondo de todo o repertorio que dirixe, reflíctese na amplitude das súas actividades, que inclúen conxuntos de música de época, estreas contemporáneas, proxectos interdisciplinarios, ópera, así como proxectos sinfónicos convencionais. Gañou unha reputación pola súa capacidade de conectar co público de todas as idades e polo seu enfoque creativo á hora de presentar concertos.

Na temporada 2021-22, os compromisos como directora convidada inclúen proxectos coa Orquestra Sinfónica Nacional de Dinamarca, a Beethoven Orchester Bonn, a Kammerakademie

Potsdam, a MDR Sinfonieorchester, a Deutsche Staatsphilharmonie Rheinland-Pfalz, a Filharmónica do Teatro Comunale di Bologna, ademais da Real Filharmonía de Galicia.

Na pasada temporada debutou coa Orchestre de Paris, a Orchestre Philharmonique de Radio France, a Orchestre National des Pays de la Loire e a Ensemble Modern, entre outras. Corinna tamén continuou a súa relación profesional coa orquestra Les Siècles como parte dos proxectos do aniversario de Beethoven do conxunto, e en febreiro de 2022, Corinna debutou na Ópera de Lille coa orquestra para *L'enfant et les sortilèges* de Ravel con instrumentos de época.

Corinna está a dar os seus primeiros pasos como directora de ópera e a principios da tempada 2021-22 debutou coa Opéra de Metz, con *Le Comte Ory* de Rossini. Tamén dirixe a ópera *Der Kaiser von Atlantis*, de Viktor Ullmann, no Grand Theatre da Ville de Luxembourg, que se presenta nun programa dobre

cunha estrea mundial de Eugene Birman sobre o Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

A primeira tempada de Corinna coa Orquestra de Cámara de Luxemburgo reflicte o seu enfoque innovador da programación. Entre os aspectos máis destacados atópanse: a investigación da sociedade e a cooperación bélica mediante a combinación de *Battalia* de Biber, *Terra Memoria* de Saariaho e a *Petite Symphonie Concertante* de Frank Martin para dúas orquestras; a presentación de rarezas como as cantatas de Marianna Martines en combinación coa *Sinfonía Sorpresa*, composta por Joseph Haydn; obras de compositores dos “tolos anos vinte” como Poulenc, Milhaud e Ravel.

Corinna completou a súa formación como directora de orquestra na Hochschule der Künste Zürich e anteriormente estudou dirección de orquestra, violoncelo e musicoloxía nos conservatorios de Múnic, Karlsruhe e Xangai. Foi galardoada en varios concursos internacionais de dirección, como o Concurso Internacional de Dirección de Toquio en 2015 e o Talent Chef

d’orchestre de París en 2014.

Desde 2012 gozou de estreitas colaboracións con François-Xavier Roth, asistíndoo no seu traballo coa Orquestra Sinfónica SWR de Baden-Baden e Friburgo, a Ópera de Colonia e Les Siècles. Isto incluíu grandes proxectos como *Les Troyens* de Berlioz no Festival Berlioz na Côte-Saint-André, e programas contemporáneos para o Musikfest de Berlín. Ao longo dos anos tamén traballou como asistente de Ivan Fischer, Lahav Shani, Valery Gergiev e Yannick Nézet-Séguin. Durante os seus estudos, foi Directora Artística da Orquestra Universitaria de Estrasburgo, posicionándoa como unha das orquestras universitarias máis activas de Europa. Foi galardoada co Prix de l’Amitié franco-allemande en 2018 polo Consulado Xeral de Alemaña en Estrasburgo polo seu compromiso cultural transfronteirizo. Tamén dirixe regularmente a orquestra infantil (DEMOS) na Filharmónica de París. De 2016 a 2018, foi profesora e directora principal da orquestra da Universidade da Sorbona de París.

Xabier Casal

Saxofón

Nado en Santiago de Compostela, Xabier Casal (1988) conta cunha consolidada traxectoria como solista e músico de cámara. Resultou gañador de máis dunha decena de concursos internacionais e é convidado a festivais en España, Francia, Italia, Suíza, Austria, Alemaña, Reino Unido, Países Baixos, México e China.

Xabier actúa como solista con orquestras como a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de RTVE, a Orquestra Sinfónica de Castela e León e a Nova Orquestra e Coro da Comunidad de Madrid, dirixido polos mestres Diego Masson, Alejandro Posada, Santiago Serrate e Sebastián Mariné. Recibe o primeiro premio no VIII Certame Nacional de Interpretación “Intercentros Melómano”, o III Concurso Internacional de Saxofón “Ramón Guzmán” e un terceiro premio no Haverhill Sinfonia Soloist Competition.

Comprometido de cheo co seu labor pedagóxico, imparte clases

maxistras de saxofón e música de cámara en centros de todo o mundo, mantendo un proxecto regular en España desde 2013 como parte do festival anual Encontro Galego do Saxofón e sendo convidado á Universidade East Anglia (Reino Unido), á Universidade Autónoma de Zacatecas (México), ao Yamaha Saxophone Center (Taiwán) e asiduamente a conservatorios superiores españois como o CSM de Vigo, A Coruña, Sevilla ou Illes Balears.

Xabier é membro de Fukio, cuarteto de saxofóns fundado en 2008 e que supuxo o seu principal proxecto artístico dos últimos anos. Fukio participa en importantes festivais e ciclos como o Tripclubbing de Kölner Philharmonie, Intersonanzen Potsdam, Young Euro Classics Berlin, Spitzentone Köln, Andernacher Musiktage, Mosel Musikfestival, Junge Elite Konzertreihe Schloss Fulda, Huddersfield Contemporary Music Festival, Festival Música en Segura,

Festival Monteleón, Fundación Juan March ou Festival ENSEMS, entre outros. En 2020 son seleccionados en España pola Asociación Festclásica para realizar unha xira nacional de concertos.

Entre unha longa lista de recoñecementos, Fukio recibe primeiros premios en concursos como o Felix Mendelssohn Bartholdy de Berlín, Karlsruher Contemporary Music Competition, COOP Music Awards de Milán ou o 20º Concours International de Musique de Chambre D'Ilzsch (Francia). Traballaron con recoñecidos compositores como Georges Aperghis, Fabien Lévy e Georg Friedrich Haas, entre outros, e nos últimos anos realizou máis dunha vintena de estreas.

Na actualidade Xabier é profesor de saxofón no Conservatori Superior de Música de les Illes Balears, ao mesmo tempo que segue desenvolvendo a súa carreira interpretativa.

A composición sinfónica durante o período clásico, aproximadamente desde finais do século XVIII ata principios do XIX, estivo dominada por Joseph Haydn, Wolfgang Amadeus Mozart e Ludwig van Beethoven e gracias a eles, a sinfonía volveuse máis unificada, con cada movemento deseñado para complementar aos demais, temática e estruturalmente.

A pesar do seu illamento dos centros musicais de referencia, Haydn foi respectado en Europa e querido por Mozart e Beethoven. Poucos compositores medraron como el, desde as súas pezas de xuventude dominadas polo estilo dos preclásicos ata os logros das súas últimas obras, as súas sinfonías amosan unha evolución en forma e contido que tivo un tremendo efecto nos seus seguidores. Contribuíu a sentar a base harmónica da forma clásica, o papel dramático das relacións tonais, as capacidades expresivas dos ventos, os contrastes entre maiores e menores e foi quen de amalgamar todos os estilos da súa época en formas libres e expresivas.

Receptivo á influencia de outros, Mozart rexeitou máis do que

asimilou, transformando todo nunha linguaxe moi persoal e a diferenza de Haydn, non foi un experimentador formal, sendo o seu tratamento da melodía o que o diferenciou. A súa gama harmónica é estreita en comparación coa de Haydn, pero dentro desa gama transformaba constantemente o material temático. Mozart elevou a sinfonía a cotas, aínda en moitos aspectos insuperables, e das producidas entre 1764 e 1788, as primeiras son convencionais pero precoces, e reflicten influencias de Johann Christian Bach, Giovanni Battista Sammartini e mesmo de Haydn. Nese período, as sinfonías mozartianas unifícanse en temática e expresión, utilizando una figuración máis cantada e unha instrumentación máis libre como no caso da *Sinfonía en re maior*, na que introduce clarinetes. Esta partitura data de 1778 cando Mozart abandona Salzburgo e instalado en París, a sociedade Concert Spirituel encárgalle unha sinfonía. Así, esta *Sinfonía K. 297* é única no seu catálogo e, a pesares do desapego do compositor polo gusto francés, contén unha variedade de efectos que Mozart ía atesorar nos anos seguintes. O *Allegro assai* abre cun poderoso

efecto unísono; y todo este primeiro movemento desenvólvese segundo unha lóxica de dous temas opostos, momentos nobres alternados con pasaxes delicadas pero sempre con gran fluidez expresiva. O *Andante* central, non foi do agrado do director do Concert Spirituel e Mozart substituíuno por un *Andantino* de elegancia melódica e fluidez de fraseo. O *Finale* é unha especie de brillante movemento perpetuo, aberto por un abrupto cambio dinámico, sen embargo, non carece de insercións contrapuntísticas nin tampouco dunha traxectoria complexa e variada.

Cara a 1780, Haydn tivo poucas oportunidades de escribir sinfonías, porque o príncipe Esterházy só estaba interesado na ópera para o novo teatro de palacio. Así que o compositor destina as súas pezas a organizadores de concertos e editores de Viena, París e Londres. Un dos promotores dos concertos da Loge Olympique de París, o conde de Ogny, encárgalle seis novas sinfonías para as que traballou en 1785 e 1786 sendo interpretadas na temporada de 1787. As seis sinfonías de París (numeradas da 82 á 86) marcan

o inicio do apoxeo da produción sinfónica haydiniana que finaliza, en 1795, coa *Sinfonía núm. 104* (a última das Sinfonías 'londinienses'). Vinte tres obras mestras de gran variedade que constitúen, coas seis últimas sinfonías de Mozart, o apoxeo da sinfonía clásica vienesa. A *Sinfonía núm. 86* é a máis longa das 'parisienses' e a máis rica en solucións orixinais, que revelan a maestría e a liberdade con que Haydn se movía na forma sinfónica. O breve *Adagio*, complexo e solemne, comeza no rexistro agudo das cordas, vólvese brillante, para calmarse no último compás, sobre o que aparece o primeiro tema do *Allegro* e despois, outro que permanece nun segundo plano. A partir de estes dous temas, Haydn traza un rico desenvolvemento, tras o que un crescendo conduce a unha repetición da parte inicial, reforzada cunha serie de sutís variacións. O segundo movemento é unha páxina contemplativa e extática cuxo elemento principal, un amplo arpego ascendente, é un dos máis orixinais e fondos dos tempos lentos de Haydn. O *Menuetto* abandona o seu carácter de danza para converterse nun vigoroso e algo dramático movemento sinfónico que contrasta, cunha

deliciosa melodía, coa serenidade do trío central. O último movemento rivaliza co primeiro e ven caracterizado por unha figura inicial con notas repetidas e separadas, que lle confiren un ton humorístico. Primeiro e segundo tema desenvólvense seguindo a estrutura da forma sonata, con pasaxes contrapuntísticas e momentos enérxicos e inquedos para concluír con ledicia e vitalidade.

A parisiense Paule Maurice foi alumna de Henri Büsser (composición) e dos irmáns Gallon, Noël (contrapunto e fuga) e Jean (harmonía), chegando a ser axudante de cátedra deste último entre 1933 e 1947. Gañadora dun primeiro premio de composición e harmonía, converteuse nunha respectada profesora de lectura a primeira vista no Conservatorio de París (1943) e de harmonía e análise na Escola Normal de Música (1967). Como compositora, o seu principal logro foi promover a reputación do saxofón, ata entón, considerado como instrumento de jazz ou relegado a ser un efecto especial. Motivada polo seu amigo Marcel Mule, pioneiro do saxofón clásico, dedicouse a compoñer música para demostrar

a capacidade de expresión musical do instrumento. *Tableaux de Provence pour saxophone et orchestre*, escrita entre 1948 e 1955, é a súa obra máis coñecida, unha suite programática dedicada a Mule. A peza consta de cinco movementos que describen a cultura e a paisaxe da Provenza francesa, onde os Mule xunto a Paule Maurice e o seu marido, o compositor Pierre Lantier, pasaban xuntos as vacacións. A compositora, nunha carta a Marshall Taylor, relatou a composición dos movementos "... o *Farandoulo di Chatouno* (Baile das mozas), é o son alegre das rapazas francesas bailando a tradicional danza provenzal, coñecida como a *farandola*; o segundo movemento *Cansoun Per Ma Mio* (Canción para o meu amor), é unha serenata cuxo acompañamento soa na introdución da peza nas cordas da guitarra. *La Boumiano* (A Bohemia ou A Xitana), unha danza moi rítmica que subliña o carácter dos xitanos que peregrinan a Saintes-Maries-de-la Mer. En *Dis Alyscamps l'amo Souspire* (As almas de Alyscamps suspiran) son os lamentos das almas que sobrevoan sobre o cemiterio de Alyscamps expresando nostalgia, tristeza e arrepentimento.

Por último, *Lou cabridan* que, na Provenza, é unha especie de abellón que se move a gran velocidade, pousa sobre as flores e cando ve a súa oportunidade, emprende voo e fuxe do val". Aínda que habitualmente interprétase ao piano, foi estreada pola Orquestra Sinfónica Brestois en 1958.

Tamén Jacques Ibert estudou no Conservatorio de París con Paul Vidal, Emile Pessard e André Gédalge en cuxa clase coñeceu a Honegger e Milhaud, cos que entablou unha amizade que se mantivo no tempo e aínda que non foi membro de *Les Six*, a súa música comparte algunhas características coa dos compositores do grupo. Ibert valoraba a variedade na súa música e, incluso, mentres estudiaba no conservatorio, tocaba no cine mudo e tiña moito éxito compoñendo cancións populares e música de baile, que asinaba co pseudónimo de William Berty, invertendo o seu apelido e cambiando o i latino polo grego. Tamén chegou ás bandas sonoras e á música incidental para o teatro ou como a *Suite symphonique* que proven dunha música de escena composta en 1930 para a obra de Jules

Romains, *Donogoo-Tonka*, cuxa acción ten lugar en París, en Sudamérica e outros lugares exóticos. Creada en 1932 para a Orquestra Padeloup, a suite subtitulada '*París*', percorre, en seis sorprendentes imaxes musicais, a paisaxe parisiense, un panorama sonoro case cinematográfico da cidade inspirado no jazz e no blues, desde os parques suburbanos ata as vías urbanas. A linguaxe musical de Ibert ofrece unha música fresca, descritiva, lixeira, rítmica, de precioso melodismo e coidada organización do timbre orquestral, linguaxe exemplificada no jazzístico movemento *Restaurant au Bois de Boulogne*, unha festa de boas melodías que recolle a impresión do compositor sobre a forma en que a música popular americana como o charlestón e o foxtrot entrou nos cafés e cabarés de París mesturándose con valeses e melodías populares.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 21 abril, 20:30 h UN MUNDO EN MOVIMENTO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Martin Grubinger, percusión

A. Dorman: Frozen in time

C. Nielsen: Sinfonía núm. 4

“O inextinguible”, op. 29, FS 76

Xoves 28 abril, 20:30 h

AUSTRIA: IDA E VOLTA

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Javier Perianes, director e piano

W. A. Mozart: Concerto para piano núm. 9
en Mi bemol maior, KV. 271 “Jeunehomme”

L. v. Beethoven: Concerto para piano núm. 3
en do menor, op. 37

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

